

PLANO ESTRATÉXICO DA UDC

PLANO OPERATIVO ANUAL

2010

INTRODUCCIÓN

A programación plurianual 2009-10 da Universidade da Coruña (UDC), aprobada polo Claustro o 28 de outubro de 2008 e polos Consello de Goberno e Social o 10 de decembro, establece o marco financeiro bianual e as liñas xerais en materias de persoal e investimentos para este bienio. O presente Plano Operativo Anual 2010 concreta o anterior documento, acompañando ao do Orzamento e vinculándoo coas actuacións programadas no Plano Estratéxico da UDC.

O documento consta de tres epígrafes. En primeiro lugar, revisa as previsións orzamentarias contidas para o próximo exercicio na programación plurianual 2009-2010. A continuación, incorpora un resumo das principais conclusións extraídas da revisión dos Indicadores do Plano Estratéxico do pasado ano. Por último, tendo en conta as análises anteriores sobre disponibilidades e necesidades, infórmase sobre a dotación económica de actuacións relevantes recollidas no Plano Estratéxico nas área de Docencia, de I+D+i e de Relacións coa Sociedade.



REVISIÓN DAS PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS DA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL 2009-10

A Programación Plurianual 2009-10 incluía a seguinte previsión global respecto da evolución orzamentaria no ano 2010:

En canto ao exercicio 2010, a UDC pode garantir a continuidade da súa actividade corrente sen restricións significativas, incluso no escenario desfavorable (persistencia da diminución dos ingresos non financeiros da Xunta e ausencia de desenvolvemento do Plano de Financiamento), aínda que nese caso sería necesario asumirmos unha desaceleración das políticas de investimentos e de contratación de persoal. Para garantirmos esta situación, deberán reporse os recursos propios dispoñibles [...].

As previsións parciais respecto das principais partidas orzamentarias do próximo ano pódense resumir nos seguintes puntos:

- Ingresos
 - As partidas máis cuantiosas do Plano de Financiamento do SUG (entre un 75% e un 80% dos fondos totais) evolucionan segundo os ingresos non financeiros da Xunta de Galicia, que, tras anos de fortes crecementos, en 2009 rexistraron unha caída dun 2%. Ademais existía un compromiso expreso de que “o orzamento universitario vai medrar por enriba do PIB”.
 - Establecíase a necesidade de repor os recursos propios dispoñibles o ano anterior a partir da porción non aplicada en 2009 e dos recursos xerados no exercicio 2008.
 - Estimábase que o capítulo 3 de ingresos (maioritariamente matrículas), superaría os 19 millóns de euros.



- **Gastos**
 - O incremento dos gastos de persoal situábase entre o 10% de manterse as contratacións previstas e o 7,5% no caso en que un contexto económico desfavorable esixira a desaceleración do programado.
 - Os fondos propios atenderían prioritariamente os investimentos en infraestruturas docentes e complementarias, ao tempo que respaldarían e complementarían o financiamento finalista sobre o que deberían descansar as infraestruturas de investigación.
 - No referente ás bolsas, mantíñase o compromiso de crecemento por riba do xeral do orzamento.

Dende a formulación da Programación Plurianual vixente, o deterioro da situación das finanzas públicas e a interpretación restritiva do Plano de Financiamento do SUG sitúannos nun contexto extremadamente desfavorable no que é imprescindible aplicar políticas de austeridade en materia de persoal e, en especial, de novos investimentos. Baixo esas premisas, o saneamento das finanzas da UDC permitirá afrontar o novo exercicio grazas á aplicación masiva dos fondos propios dispoñibles. As previsións anteriores deben revisarse nos seguintes aspectos fundamentais:

- **Ingresos**
 - O indicador de referencia (os ingresos non financeiros da Xunta de Galicia) pasan de caer nun 2% no 2009 a superar un descenso do 11% en 2010. A pesares de que a previsión oficial é de un moi moderado crecemento do PIB (entre un 0,2% e un 0,7%), os fondos non afectados aportados á UDC redúcense nun 5,4%. Segundo se resume no seguinte cadro, as partidas cuantificadas no Plano de Financiamento vixente estarán en 2010 15,5 millóns de euros por baixo das previsións que se fixeron no momento de aprobalo:



	<u>2009</u>	<u>2010</u>	Prevision PF
Financiamento incondicionado	75.905.799	67.340.077	82.105.142
Contratos programa	989.407	1.147.712	1.147.712
Apoio á investigación	1.710.873	1.984.613	1.984.613
Investimentos RAM	1.768.716	1.768.716	1.768.716
Investimentos Resto	4.337.567	4.337.567	4.337.567
Fondo de nivelación	3.767.186	3.379.743	4.112.360
Financiamento INEF	3.189.016	3.284.686	3.284.686
SUBTOTAL	91.668.564	83.243.115	98.740.797
	-8.425.449		-15.497.682
	-9,2%		-18,6%
Convenios complementarios	5.580.445	8.798.371	Sin cuantificar
TOTAL financiamento non afectado	97.249.009	92.041.487	
	-5.207.523 €		
	-5,4%		

As cifras anteriores poden completarse coas referidas ás partidas finalistas incluídas no Plano de Financiamento (Plan galego de I+D+i, Sexenios e complementos e Prazas vinculadas do SERGAS), o cal moderaría o retroceso reducindo a caída ao 3,5%. Non obstante, esta cifra ten pouco valor económico, xa que os incrementos destes ingresos (preestablecidos no 16% para o Plan de I+D+i e os Complementos) teñen a súa contrapartida no aumento dos gastos que financian.

- O obxectivo de repor os recursos propios dispoñibles o exercicio anterior cumpríuse con folgura (pasouse de 10,34 a 12,89 millóns) coa liquidación do exercicio 2008, de xeito que se confirmou o obxectivo expresado no orzamento 2009 de intensificar os investimentos orientados á adaptación ao EEES.
- Os ingresos do capítulo 3 superaron xa na liquidación do exercicio 2008 o importe previsto para o ano 2009 (18,5 millóns de euros). Mantense esa contía para o próximo exercicio á vista da evolución dos índices de prezos.
- Gastos
 - A previsión do gasto en persoal sitúase por baixo do límite inferior estimado para o caso, que finalmente aconteceu, en que o contexto económico obrigase a unha desaceleración nas contratacións (6,8%

fronte a unha expectativa previa do 7,5%-10%), como consecuencia da moderación salarial derivada da evolución dos índices de prezos.

- Segundo se anticipaba para a situación actual, a consecución da esixencia de equilibrio orzamentario obriga a unha forte contracción dos investimentos. A pesares da contención do gasto corrente (o capítulo 2 rebáixase nun 2,5%), é necesario reducir o investimento novo en 4,6 millóns de euros. Non obstante, dáse continuidade aos investimentos docentes, complementarios e de investigación iniciados, e segue priorizándose a adaptación ao EEES.
- Cúmprese o compromiso de crecemento das bolsas por riba da evolución do conxunto do orzamento, cunha suba do 1,7% no capítulo 4 (o presuposto varía un -0,1%), que se eleva ao 5,1% cando nos centramos no epígrafe referente a bolsas a estudantes.

CONCLUSIÓNS EXTRAÍDAS DOS INDICADORES DO PLANO ESTRATÉXICO

A batería de indicadores prevista no Plano Estratéxico referidos ao ano 2008, elaborada no ano 2009, (dispoñibles na web da UDC na dirección <http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/ope/documentacion.asp>), ofrece valiosa información para axudar a orientar o próximo orzamento. As conclusións fundamentais extraídas dos indicadores e a súa repercusión sobre o presuposto poden resumirse nos seguintes puntos:

- Destaca o nivel de cumprimento nos indicadores referentes á adaptación ao EEES, así como na introdución das TIC. Esta conclusión resulta especialmente significativa, dada a centralidade que a adaptación ao EEES ten no Plano Estratéxico, e por ese motivo óptase por manter o esforzo neste aspecto.



- Por outra banda, os indicadores relativos á simplificación da xestión reflicten unha evolución pouco satisfactoria, que xustifica a intención de acometer importantes investimentos nesta área no ano 2010.
- No referente á investigación, a insatisfactoria evolución dos proxectos de investigación xunto cuns mellores resultados no referente ás infraestruturas xustifican a exclusión dos programas propios de investigación dos recortes que se teñen que aplicar inevitablemente no capítulo de investimentos.

DOTACIÓN ECONÓMICA DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS NO PLANO ESTRATÉXICO

Nos seguintes subepígrafes infórmase sobre a dotación económica das principais actuacións relevantes e novidades recollidas no Plano Estratéxico, agrupadas por obxectivos.

DOCENCIA

01. Potenciación da cultura da calidade e a innovación

- A partidas do CUFIE e a de investimentos da UTC sofren recortes de 60.000 euros en cada caso.
- Os recursos globais dedicados á convocatoria anual de contratos-programa (que redistribúense dende o capítulo 6 ao 2) redúcese en 100.000 €.

02. Facilitar a transición no proceso de integración no EEES

- Consígnanse 1.500.000 € para outras obras de adaptación ao EEES, entre as que se inclúen importantes actuacións na ETS de Arquitectura e o remate das iniciadas na Facultade de Dereito.
- Recóllese unha anualidade de 100.000 euros para o edificio da área científica do parque tecnolóxico (Facultade de Informática e Escola de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos), que se complementan cos



2.900.000 € dotados en 2008 e 2009 e cunha anualidade de 1.000.000 € en 2011.

- Órzanse 1,4 millóns de euros para iniciar o Campus Center, que inclúe entre os seus destinos previstos a ampliación e mellora das instalacións deportivas do campus de Elviña, asociadas, entre outros usos, a actividades docentes da Facultade de Ciencias da Educación.

03. Desenvolvemento dun mapa de titulacións competitivo

- A progresiva transición a unha docencia máis personalizada derivada do EEES, unida ao déficit histórico de persoal da UDC (20% por baixo da media estatal en profesorado por alumno), xustifica o mantemento da previsión de incremento de efectivos dun 5%, aínda que o contexto económico leva a modular este obxectivo aprazando a súa execución ata o curso 2010-2011.
- A partida asociada á docencia práctica recibe un tratamento privilexiado, cun incremento dun 10% das partidas descentralizadas máis 100.000 € adicionais nunha partida da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Titulacións destinada ao financiamento de prácticas externas.
- Iníciase un novo programa de bolsas en laboratorio, cun orzamento 72.500€, que empeza a implantarse polos centros con maior experimentalidade.
- Dótase con 30.000 € un novo programa de bolsas para a formación do alumnado en idiomas.

04. Fomento do uso das TIC no proceso ensino –aprendizaxe

- Órzanse 60.000 € para novas funcionalidades de Moodle.
- Abordarase, con 40.000 €, un programa de virtualización de terminais, que contribuirá a paliar os efectos da redución do investimento en hardware (que pasa de 450.000 € a 300.000 €) ao prolongar a vida dos equipos actuais.

05. Captación de alumnado e coordinación con outros niveis educativos

- O capítulo 4 crece un 1,7%, e as bolsas a estudantes o fan nun 5,1%, incrementando por tanto o seu peso no orzamento.

06. Fomento das prácticas en empresas e institucións

- Dáse continuidade ao mantemento do programa en rede de prácticas en empresa (20.000 €) e ao programa de prácticas en empresas doutros países da U.E. (225.000 €).

07. Axilización e simplificación procedementos de xestión

En consonancia coas conclusións extraídas da análise dos indicadores do plano estratéxico, no próximo orzamento préstase unha especialísima atención aos investimentos para a mellora da xestión:

- Dedícanse 500.000 € ao desenvolvemento do programa Xescampus, dos cales 180.000 € se dedicarán á adaptación aos novos títulos e novos desenrols (terceiro ciclo, bolsas, cursos CUFIE,...).
- A partida de Investimentos para o apoio á xestión dótase cuns 463.000 €, para unha variedade de proxectos, como os novos procedementos do implantación do Sistema de xestión de expedientes (60.000 €), os desenvolvementos do novo xestor de identidade FEDERICO dirixido a facilitar e centralizar o acceso dos alumnos e docentes aos servizos TICs (80.000 €) ou os relacionados coa xestión da investigación.

08. Reforzar o papel da Biblioteca Universitaria para a integración no EEES

- O recorte aplicado aos fondos bibliográficos é moi inferior ao xeral introducido nos investimentos: redúcense nun 5% as partidas descentralizadas, e en conxunto, tendo en conta a evolución das publicacións periódicas, a caída é só dun -1,8%. Nesta coxuntura, considérase axeitado impulsar as medidas tendentes a racionalizar e facer máis eficiente o gasto.

I+D+i

O1. Incrementar a investigación de calidade

Segundo se avanzou no epígrafe referido aos Indicadores do Plano Estratéxico, os fondos propios dedicados á investigación mantéñense alleos aos recortes aplicados ao conxunto dos investimentos:

- Mantéñense os programas propios de investigación centralizados, por un total 1,725 millóns de euros.
- Mantéñense tamén os recursos descentralizados aos grupos de investigación (1,084 millóns).

O2. Desenvolvemento do Parque Tecnolóxico

- Engádense 750.000 € para os novos centros do Parque Tecnolóxico (CICA e ampliacións do CITIC e o CITEEC), adicionais aos recursos incorporados de orzamentos anteriores.
- Desenvolveranse as obras de ampliación do CIT, licitadas por 450.000€ con cargo ao orzamento do exercicio 2009.

O3. Fomentar a relación con outros grupos de investigación

- O programa propio de bolsas de mobilidade internacional de profesorado incrementábase de 34.000 € a 60.000 €.

O4. Ampliación, mellora e optimización de infraestruturas, equipamentos e SAI

- O orzamento da UTC dedicado a accións de certificación pasa de 100.00 € a 136.000 €, como consecuencia do crecente número de laboratorios certificados.



O5. Mellora dos procesos de xestión da investigación e de apoio aos investigadores

- Dentro da partida de Investimentos para o apoio á xestión, 200.000 € están destinados ao desenvolvemento de aplicacións para a xestión da investigación.

O6. Promoción da transferencia dos resultados da investigación á sociedade e do papel da Universidade como axente de desenvolvemento rexional

- Mantense no orzamento inicial da Oficina de Transferencia da Investigación o incremento de 200.000 € do ano 2009, en virtude do compromiso da Consellería de Industria de prorrogar o convenio que o financiaba.

RELACIÓNS COA SOCIEDADE

O1. Facilitar a relación dos Campus cos contornos metropolitanos

- Órzanse 1,4 millóns de euros para o proxecto modular do Campus-Center no campus de Elviña.

O2. Impulso das actividades culturais da UDC

- Conxélanse ou recórtanse os recursos destinados a actividades culturais, a excepción dos destinados a exposicións (que pasan de 15.000 a 40.000 €).
- Órzanse 400.000 € para completar o Centro Cultural de Riazor coa execución das obras pendentes.

O3. Potenciación das relacións internacionais

- As bolsas Erasmus, a maior partida de gasto do capítulo 4, soben un 12%, superando os 670.000 €, dos a UDC aporta preto do 21%.
- Engádesse un programa de bolsas propias de master para alumnos latinoamericanos, dotado inicialmente con 54.000 €.



O4. Incremento das dispoñibilidade e o aproveitamento de instalacións deportivas

- Segundo se indicou anteriormente, as instalacións deportivas son unha compoñente prioritaria do Campus-Center de Elviña.
- Iniciaranse as actuacións dirixidas á ampliación dos horarios de funcionamento das recentemente inauguradas salas de ximnasia nos baixos do estadio de Elviña.

O5. Potenciación da proxección e a imaxe da UDC

- Aplícase unha redución dun -8% nas partidas directamente dedicadas a divulgación.

O6. Normalización da lingua galega

- O Servizo de Normalización Lingüística conxela o orzamento solicitado, pese ás expectativas dunha caída moi significativa nos recursos externos alcanzados.

O7. Adaptación dos Campus da Coruña e Ferrol aos principios do urbanismo sostible e da arquitectura ecolóxica

- A redución na partida do Plano enerxético da UDC (pasa de 580.000 € a 220.000 €) ven explicada pola execución en 2009 dunha actuación singular, a substitución da caldeira de calefacción do campus da Zapateira (licitada en 614.000 €).
- Mantense o orzamento para seguridade e saúde (315.000 €).

O8. Desenvolvemento do planeamento urbanístico dos Campus da Coruña e Ferrol

- Estase tramitando o PERI Sánchez Aguilera en Ferrol, imprescindible para a execución da residencia prevista.

O9. Fomento da cultura crítica, solidaria e participativa

- No ano 2010 reproducécese o esquema de cofinanciamento da Oficina de Software Libre pola UDC e a Xunta de Galicia, unha vez confirmada a intención desta última de manter a colaboración.
- Mantéñense as axudas para a cooperación e o desenvolvemento (redistribúense cara ao capítulo 6).
- Poténciase a atención á diversidade: A partida da ADI (Atención a diversidade) no capítulo 2 pasa de 50.000 a 70.000 euros, e o programa de bolsas ADI (38.800 €) pasa de estar financiado externamente a ser sostido con fondos propios.

O10. Realizar unha oferta residencial universitaria na Coruña e Ferrol

- A pesar do retraso acumulado, existe o compromiso político de dedicar máis de 10 millóns de euros en 2010 á construción da área residencial no campus de Elviña polo Instituto Galego de Vivenda e Solo.
- Aínda que o presente contexto económico non permite abordar exclusivamente co fondos propios a construción da Residencia Universitaria no antigo cuartel de Sánchez Aguilera de Ferrol, órzanse 200.000 € para a elaboración do proxecto básico e de execución que permita seguir avanzando cara ao obxectivo final.